



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 453
1 de abril de 2019



CSV: F5T0RPb4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación sen modificacións

I 40910 (10/PNC-003320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co remate dos treitos A Lavacolla-Arzúa, Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei da autovía A-54, Lugo-Santiago de Compostela

[155109](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 42995 (10/PNC-003463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, para os efectos de regular a delimitación de vivenda baleira e o establecemento do dereito de tanteo e retracto

[155109](#)

Rexeitamento da iniciativas

I 45111 (10/PNC-003635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o estudo pola Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Fomento, das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14

[155110](#)

I 47081 (10/PNC-003795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas técnicas, económicas e de planificación viaria necesarias para garantir a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña

[155110](#)



1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2016 e das propostas de resolución [155111](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento dos días 5 de febreiro e 4 e 10 de setembro de 2018, en relación coas respostas das preguntas escritas núms. 18251 (10/PRE-006077), 13757 (10/PRE-006479), 15040 (10/PRE-005880), 31627 (10/PRE-008672), 25600 (10/PRE-010041), 27976 (10/PRE-010864), 31829 (10/PRE-011340) e 30042 (10/PRE-010477)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputada e aos deputados e publicación

24357 - 18251 (10/PRE-006077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para a execución do acordo parlamentario referido á atrofia muscular espiñal [155116](#)

24593 - 13757 (10/PRE-006479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as accións do Goberno galego en relación coa prevención e o tratamento da diabetes [155118](#)

35280 - 15040 (10/PRE-005880)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense [155120](#)

34965 - 31627 (10/PRE-008672)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do



Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise

[155122](#)

I 34920 - 25600 (10/PRE-010041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir a ruína e desaparición dos edificios medievais do Hospital de San Miguel e pazo de dona Urraca, da súa propiedade, situados no barrio da Tinería, na cidade de Lugo

[155125](#)

I 35055 - 27976 (10/PRE-010864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas da cidadanía, expresadas nas rúas o día 8 de marzo de 2018, e as súas previsións respecto da solicitude ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller, así como a ampliación do seu número ás sete principais cidades de Galicia

[155127](#)

I 34959 - 31829 (10/PRE-011340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminería impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións respecto da solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da súa autorización

[155130](#)

I 35875 - 30042 (10/PRE-010477)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras

[155133](#)



A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 29 de marzo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación sen modificacións

- 40910 (10/PNC-003320)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento en relación co remate dos treitos A Lavacolla-Arzúa, Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei da autovía A-54, Lugo-Santiago de Compostela

BOPG nº 394, do 05.12.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para:

1.Solicitarlle información respecto aos prazos e previsións que manexa para o remate dos tres treitos que quedan pendentes para completar a autovía A-54, Lugo-Santiago.

2.Demandarlle axilidade na execución das obras pendentes co obxectivo de que o treito A Lavacolla-Arzúa poida estar finalizado no primeiro semestre de 2019; e que os tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei se rematen no ano 2020.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 42995 (10/PNC-003463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, para os efectos de regular a delimitación de vivenda baleira e o establecemento do dereito de tanteo e retracto
BOPG nº 414, do 18.01.2019

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado, así como aos grupos parlamentarios que se constituía e constituían despois das eleccións xerais de abril do 2019, para os efectos de introducir na normativa básica estatal a definición e delimitación de vivenda baleira que posibilite a aplicación polos concellos das recargas que prevé a Lei reguladora das facendas locais.

2. No suposto de que nos seis meses seguintes á constitución do goberno non se aprobase tal introdución, a Xunta presentará, dentro dos dous meses seguintes ao remate do prazo anterior, un proxecto de lei de modificación da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, para os efectos do sinalado no apartado 1.»

Rexeitamento da iniciativas

- 45111 (10/PNC-003635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o estudo pola Xunta de Galicia, xunto co Ministerio de Fomento, das alternativas para a conexión entre a AP-9, o aeroporto de Alvedro e a estrada AC-14

BOPG nº 430, do 13.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 47081 (10/PNC-003795)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas técnicas, económicas e de planificación viaria necesarias para garantir a conexión prioritaria da Vía Ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña

BOPG nº 441, do 06.03.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia

Aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2016 e das propostas de resolución

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de marzo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Ditame e propostas de resolución aprobadas polo Pleno en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2016)

- 33638 (10/ICON-000003)

Consello de Contas de Galicia

Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia

BOPG nº 344, do 01.08.2018

Informe de Ponencia publicado no BOPG nº 433, do 10.02.2019

Ditame da Comisión e propostas de resolución publicados no BOPG nº 436, do 25.02.2019

Ditame

Apróbase a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2016.

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas presentes.

Propostas de resolución:

Resolución núm. 1

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar dando cumprimento efectivo ás recomendacións realizadas polo Consello de Contas de Galicia no seus Informes de fiscalización.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir cumprindo os obxectivos de déficit e endebedamento, avanzando na redución do gasto en xuros de débeda.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar reducindo o uso das modificacións orzamentarias e do gasto imputado ao seguinte exercicio.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.



Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a render telematicamente xa a Conta Xeral sobre o ano 2018 e a incluír nela revisión do contido e estrutura da súa memoria no sentido solicitado polo Consello de Contas.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a rematar no actual período de sesións a aprobación do novo plan de contabilidade da Comunidade Autónoma.

Aprobada por 54 votos a favor, 14 votos en contra e 6 abstencións.

Resolución núm. 6

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aprobar durante o ano 2019 unha normativa reguladora das contas bancarias da Comunidade Autónoma de Galicia que permita reforzar a información sobre estas contas mediante a súa inscrición nun rexistro autonómico.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 7

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a completar no presente ano 2019 a posta en marcha do rexistro das entidades dependentes previsto na Lofaxga e a establecer sistemas de identificación das entidades que poden reunir os requisitos legais para seren consideradas integrantes do sector público autonómico.

Aprobada por 54 votos a favor, 14 votos en contra e 6 abstencións.

Resolución núm. 8

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a continuar investindo per cápita en sanidade por riba da media española e a manter a Galicia entre as comunidade autónomas que maior porcentaxe do seu PIB dedican á sanidade pública.

Aprobada por 54 votos a favor, 14 votos en contra e 6 abstencións.

Resolución núm. 9

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a completar nesta legislatura o proceso de substitución en todas as áreas sanitarias da aplicación informática SINFHOS de xestión da farmacia hospitalaria por un novo sistema informático integral que aborde todos os campos de actuación da farmacia.



Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 10

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a avanzar na extensión dos contratos de risco compartido en materia de farmacia e hospitalaria como os que xa comezou a asinar o Sergas no ano 2018.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 11

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, conforme as exixencias da Lofaxga, a establecer nas axencias públicas os necesarios indicadores de xestión, para a súa debida verificación polo Consello de Contas.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 12

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de traballo 2019-2024 para facilitar a participación das pemes na contratación pública autonómica, en cumprimento do establecido na Directiva 2014/24/UE e na propia Lei 14/2013, do 27 de decembro, de reestruturación do sector público autonómico, sobre a división en lotes cando o obxecto dos contratos así o permita.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Resolución núm. 13

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar verificando o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.

Aprobada por 54 votos a favor, 14 votos en contra e 6 abstencións.

Resolución núm. 14

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento ás recomendacións relativas ás fundacións sanitarias públicas.

Aprobada por 40 votos a favor, 14 votos en contra e 20 abstencións.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento dos días 5 de febreiro e 4 e 10 de setembro de 2018, en relación coas respostas das preguntas escritas núms. 18251 (10/PRE-006077), 13757 (10/PRE-006479), 15040 (10/PRE-005880), 31627 (10/PRE-008672), 25600 (10/PRE-010041), 27976 (10/PRE-010864), 31829 (10/PRE-011340) e 30042 (10/PRE-010477)

Advertida a omisión, por un erro material, das preguntas por escrito, na relación das iniciativas cualificadas pola Mesa do Parlamento nas reunións dos días 5 de febreiro e 4 e 10 de setembro de 2018, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No punto de procedementos de información débese engadir:

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión ás deputada e aos deputados e publicación

— Mesa do 5 de febreiro de 2018

- 24357 - 18251 (10/PRE-006077)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para a execución do acordo parlamentario referido á atrofia muscular espiñal

- 24593 - 13757 (10/PRE-006479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as accións do Goberno galego en relación coa prevención e o tratamento da diabetes

— Mesa do 4 de setembro de 2018

- 35280 - 15040 (10/PRE-005880)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense

- 34965 - 31627 (10/PRE-008672)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización



desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise

- 34920 - 25600 (10/PRE-010041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir a ruína e desaparición dos edificios medievais do Hospital de San Miguel e pazo de dona Urraca, da súa propiedade, situados no barrio da Tinería, na cidade de Lugo

- 35055 - 27976 (10/PRE-010864)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas da cidadanía, expresadas nas rúas o día 8 de marzo de 2018, e as súas previsións respecto da solicitude ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller, así como a ampliación do seu número ás sete principais cidades de Galicia

- 34959 - 31829 (10/PRE-011340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións respecto da solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e a decisión respecto da súa autorización

— Mesa do 10 de setembro de 2018

- 35875 - 30042 (10/PRE-010477)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:43
Nº Rexistro: 24357

Data envío: 30/01/2018 09:43:37.876

Data 30/01/2018 09:43

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 18251**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación dunha partida orzamentaria suficiente para a execución do acordo parlamentario referido á Atrofia Muscular Espiñal”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión plenaria do 23.05.2017- polo conselleiro de Sanidade ao darlle resposta á pregunta 9130 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:43:17





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13757**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as accións do goberno galego en relación coa prevención e o tratamento da diabetes”**, (publicada no BOPG número 166 do 31 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde se está a prestar o nivel de atención que requiren os enfermos de diabetes.

A enfermidade da diabetes estase a tratar desde diferentes eidos como son o da prevención (promovendo programas de promoción de estilos de vida saudables e publicando da web do Sergas distintas medidas preventivas), e o de formación (a través de programas de educación diabetolóxica a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e tamén de 3 edicións do curso paciente competente en diabetes, dirixido a pacientes diabéticos e aos seus cuidadores para formalos na autoxestión da súa enfermidade).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:52:51





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 15040**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego diante do desmantelamento do servizo postal no medio rural de Galicia, principalmente na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 174 do 13 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 12:36:57





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31627**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández sobre, **“a opinión do Goberno galego referida á relación contractual que está a manter cos centros concertados para a prestación do servizo de diálise, a situación na que se atopa a regularización desas contratacións e as actuacións levadas a cabo para o cumprimento das recomendacións do Consello de Contas na materia, así como as razóns da demora na elaboración dun plan específico de saúde renal e das variacións detectadas por ese organismo nos servizos de hemodiálise”**, (publicada no BOPG número 317 do 7 de xuño de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A relación contractual entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados para a prestación do servizo de hemodiálise na Comunidade, cumpre cos criterios esixidos tanto pola normativa vixente como pola lei de transparencia.

Todas as contratacións entre a Consellería de Sanidade e os centros concertados están regularizadas, dispoñendo de concertos en vigor.

Adecuáronse as tarifas por sesión a un valor equivalente nas diferentes áreas sanitarias. Ademais, actualizáronse os concertos con cada centro así como se iniciaron procedementos en libre concorrència para a prestación da hemodiálise en determinadas áreas.

A patoloxía renal é variada, así como a etioloxía das súas diferentes patoloxías, e a diferente evolución de cada unha delas fan necesario que se elaboren procesos diferentes polo que a elaboración dunha estratexia xenérica de saúde renal non resulta adecuada.

No ano 2016 subscribiuse un concerto específico para hemodiálisis con DIAVERUM, empresa que adquiriu a antiga clínica de Souto Boo. Desde entón renováronse as instalacións e adecuáronse ás tarifas. Desta forma, os prezos por sesión na clínica Souto Boo son semellantes ás das outros centros.



A media de coste por tratamento en Galicia de todos os centros é de 133,75 euros por sesión, cunha desviación típica de 5,88 segundo o centro de hemodiálise. Tanto o importe por sesión como a desviación típica, indican que son valores adecuados á prestación sanitaria da que se trata”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:49:35

CSV: F5fTQRPb4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:35
Nº Rexistro: 34920

Data envío: 27/08/2018 10:35:38.804

Data 27/08/2018 10:35

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25600**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e don Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir a ruína e desaparición dos edificios medievais do Hospital de San Miguel e Pazo de Dona Urraca da súa propiedade situados no barrio da Tinería, na cidade de Lugo”**, (publicada no BOPG número 260 do 14 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 25595, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 294, do 19 de abril de 2018. Remitímonos ao exposto na mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

páxina 1 de 1





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:35:21

CSV: F5fTQRPb4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27976**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas da cidadanía, expresadas nas rúas o día 8 de marzo de 2018 e as súas previsións respecto da solicitude ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller, así como a ampliación do seu número ás sete principais cidades de Galicia”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa manifestou en reiteradas ocasións o seu respecto ás manifestacións que tiveron lugar o pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e defendeu que todos os actores -nos que se inclúe, por suposto, a Administración autonómica- debían tomar nota destas mobilizacións, en tanto a loita pola igualdade non é patrimonio exclusivo de ninguén.

Froito do seu compromiso coa igualdade plena entre homes e mulleres, nos últimos anos a Xunta ten posto en marcha un abano de iniciativas pioneiras en materia de igualdade, e o seu próximo obxectivo é seguir reforzando e ampliando esa liña de actuación.

Xa no que se refire de xeito exclusivo aos recursos da Administración de Xustiza en materia de violencia de xénero, cómpre recordar que ademais dos xulgados de Vigo e A Coruña -que coñecen exclusivamente casos de violencia machista-, existe un xulgado por cada partido xudicial que, xunto con outros, tamén atende estes asuntos.

Cómpre lembrar que a creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza



establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia. En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

En canto á organización territorial do Imelga, esta estrutúrase nun total de 7 subdireccións territoriais: a da Coruña (cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión); Ferrol (que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira); Santiago de Compostela (para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela); Lugo (con ámbito de actuación en toda a provincia); Ourense (tamén con ámbito provincial); Pontevedra (cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa); e Vigo (que comprende os partidos xudiciais de Pontearreas, Redondela, O Porriño e Tui).

Pola súa banda, as Oficinas de asistencia ás vítimas, radicadas nas 7 grandes cidades galegas, prestan a asistencia integral e coordinada ás vítimas que acudan ás ditas oficinas nos termos recollidos na Lei 4/2015, independentemente do lugar de comisión do delito, incluída a atención psicolóxica desde 2017. Isto sen prexuízo dos demais recursos e servizos que desde a Secretaría Xeral de Igualdade existen para a atención ás vítimas de violencia de xénero. En concreto, este centro directivo coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día e dispón do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:01:06





RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 31829, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S.L. nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa, as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións respecto da solicitude e impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e decisión respecto da súa autorización”**, (publicada no BOPG número 319 do 13 de xuño de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 13 de xullo de 2018 pola secretaria xeral Técnica, a través da iniciativa 32213.

A Consellería do Mar defende sempre os intereses do sector ao que representa. Neste Goberno cremos e confiamos no desenvolvemento dunha minería segura e sostible e entendemos que esta é posible coa normativa vixente.

Por iso, a Xunta aplica un proceso garantista e rigoroso que nos leva a permitir soamente aquelas actividades sostibles e respectuosas co medio e coas actividades preexistentes, e neste caso, pola parte que nos toca, coas do mar.

O proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do xacemento de Touro estanse desenvolvendo conforme o procedemento que establece a Lei de Ordenación da minería de Galicia aprobada polo goberno bipartito no ano 2008.

Trátase dun procedemento marcado pola transparencia e o rigor no que deben emitirse 15 informes sectoriais ademais da Declaración de Impacto Ambiental.

Será o estrito cumprimento da legalidade vixente, que ofrece todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas, o único que determine se o novo proxecto mineiro se pode aprobar ou non. A veciñanza e o sector do mar da Arousa poden estar seguros diso.





Agora mesmo, tal e como sinalou o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria na súa comparecencia en pleno do pasado 11 de xullo, cos informes emitidos o proxecto non é viable; pero a maioría son parámetros que precisan máis detalle ou modificacións que a empresa debe atender se quere continuar a tramitación.

Por iso, a Xunta pronunciarase cando esa tramitación remate e o fará motivadamente, atendendo a avaliacións profesionais e técnicas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:48:47





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30042** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e don Antón Sánchez García , sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da análise realizada polo Defensor do Pobo en relación coa xestión política levada a cabo no referido ás canteiras de lousa da comarca de Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 299 do 3 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego contestou á Oficina do Defensor do Pobo en relación ao estado das augas nos afluentes do río Sil xerado pola actividade das canteiras de lousa en Valdeorras, xustificando debidamente cada unha das conclusións.

Ao mesmo tempo, na nosa resposta consígnase un apartado relativo ás actuacións de mellora previstas onde indicamos que para minimizar os danos causados e garantir o axeitado equilibrio entre o benestar socio-económico da poboación da comarca de Valdeorras e a protección do medio ambiente, vaise proceder, de acordo ao establecido no artigo 5.5 do Real decreto 975/2009 do 12 de xuño sobre a xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, á revisión xeneralizada dos plans de restauración daquelas explotacións mineiras e, en caso necesario, á revisión, actualización e adecuación das garantías financeiras constituídas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/09/2018 14:43:21



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

